



PLATAFORMA GALEGA, VIVENDA XA!

A vivenda é un dereito fundamental para toda a cidadanía. Con todo, a especulación inmobiliaria e a falta de acceso a vivendas accesíbeis están a converter a vivenda nun luxo inalcanzábel para moitas persoas. A situación actual é alarmante, especialmente co papel que está a xogar a Xunta de Galiza do PP. Esta négase a promover a ampliación do parque de vivendas públicas, rexeita a aplicación de políticas que poderían contribuír á baixada de prezos en zonas tensionadas e nin sequera facilita a incorporación ao mercado de xeito inmediato da vivenda baleira existente na Galiza. As propostas que están a presentar están deseñadas para beneficiar a curto prazo as persoas que posúen vivendas que están ou poderían estar en aluguer, ignorando completamente as necesidades e os dereitos das persoas afectadas por esta crise da vivenda. Por outra banda, o Goberno do Estado non fai máis que anuncios pirotécnicos que non se traducen en actuacións concretas: non hai vontade de remediar a crise de vivenda. Na situación actual isto non é asumíbel.

O Noso Obxectivo

O noso obxectivo é crear un programa de vivendas públicas con prezo taxado que garanta o acceso a vivendas dignas e economicamente accesíbeis para todos os cidadáns, independentemente da súa renda ou condición social.

Principios

1. Acceso a vivendas dignas: todas as persoas teñen dereito a unha vivenda digna, e este dereito debe ser garantido por políticas públicas efectivas do Goberno da Xunta.
2. Prezos asequíbeis: os prezos das vivendas públicas serán establecidos de acordo coas necesidades da poboación e o custo real da construción, evitando a especulación inmobiliaria que está a agravar a crise da vivenda.
3. Atención á especificidade para grupos vulnerábeis: as vivendas públicas serán priorizadas para persoas que se atopan en situación de risco; especialmente para persoas maiores, mocidade, persoas con discapacidade, familias monoparentais, persoas en situación de sen fogarismo etc.
4. Xestión pública: as vivendas públicas serán xestionadas por unha entidade pública (IGVS), responsábel do mantemento, da xestión e da asignación das vivendas, garantindo así un servizo de calidade.

Proposta de Implementación

1. Incrementar por parte da Xunta de Galiza e de maneira urxente o patrimonio público de vivenda, a comezar pola cesión gratuíta por parte do Goberno do Estado de todos os inmóbeis da SAREB na Galiza ao goberno da Xunta. Sería sobre 3.000 vivendas, das cales sobre 1.300 estarían en condicións de habitabilidade.
2. Crear un Banco Galego de Vivenda para aluguer social, non inferior a 3.000 vivendas, comezando polas cedidas pola SAREB e engadíndolle a vivenda baleira existente na Galiza (actualmente 1/3 do total das vivendas). Desenvolver por parte do Goberno da Xunta un marco normativo atendendo ás particularidades que poidan darse no territorio galego. Cómpre priorizar a rehabilitación para aproveitamento do patrimonio construído e minimizar o impacto ambiental, promovendo así a sustentabilidade.
3. Mobilizar vivenda baleira, despregando para iso accións coercitivas e/ou incentivadoras, como liñas de apoio á rehabilitación coa condición de seren alugadas a prezo social limitado.
4. Impulsar políticas públicas de Vivenda desde a Xunta de Galiza. Garantir que a política de vivenda pública sexa impulsada de maneira directa pola propia administración, evitando fórmulas de privatización como o anunciado Plan Viena do Goberno do Estado.
5. Impedir por lei a compra de vivendas por parte dos fondos voitre, destinados á especulación.
6. Cooperativas de vivendas. Impulsar con liñas de apoio e medidas fiscais positivas as iniciativas residenciais das cooperativas de vivendas de cesión de uso.
7. Prezo do aluguer. Limitar o prezo dos alugueres para evitar a especulación. A vía de axudas ás persoas arrendatarios e/ou dos beneficios fiscais ás arrendadoras xa se mostrou non só ineficaz, senón mesmo contraproducente.
8. Hipotecas. Crear por parte do goberno galego unha ferramenta de carácter público que poida ofrecer hipotecas con tipos de xuros taxados (MODELO IGAPE) ou a través da negociación con entidades financeiras.
9. Regular de maneira efectiva as vivendas de uso turístico (VUT). É preciso limitar a súa proliferación de forma efectiva. O seu control farase en base á vivenda real dispoñíbel, e atendendo de xeito específico a aquelas zonas/concellos con dificultades de acceso a vivenda.
10. Zonas tensionadas. Desenvolver por parte da Xunta de Galiza a declaración de zonas de mercado residencial tensionado. Así será posíbel levar a cabo a implementación de medidas específicas en cada caso e que permitan corrixir a situación.

Compromisos

Con todo, é preciso que o Goberno Galego adquira unha serie de compromisos de cara a actuar e desenvolver as medidas precisas para rematar cun problema que non ten razón de ser no noso país. Contamos cun grande patrimonio construído de vivendas, mais que aínda estando baleiras ou non sendo habitábeis, non están no mercado inmobiliario.

- **Transparencia:** deberase garantir a transparencia no proceso de asignación das vivendas públicas e na xestión dos fondos públicos, para que a cidadanía poida confiar nas decisións tomadas.
- **Participación cidadá:** fomentárase a participación cidadá no proceso de planificación e xestión das vivendas públicas, asegurando que as voces das persoas afectadas sexan escoitadas e tidas en conta.
- **Avaliación e seguimento:** será necesario realizar unha avaliación e seguimento regular do programa para garantir que se están acadando os obxectivos establecidos e para realizar os axustes necesarios en función das necesidades da poboación.

Conclusión

O programa de vivendas públicas con prezo taxado é un paso importante para garantirmos o acceso a vivendas dignas e accesíbeis economicamente para todos os cidadáns. É fundamental que se adopten medidas concretas que beneficien a poboación en xeral, non a uns poucos. Só así se pode contrarrestar a especulación e a ausencia de políticas efectivas. Estamos comprometidos a traballar para que isto se torne unha realidade, defendendo o dereito á vivenda como un pilar esencial da dignidade humana e do benestar social.